

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN
DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA REALIZAR UN ESTUDIO
DE IMPACTO SOCIO-ECONÓMICO DO SUPERCOMPUTADOR
FINIS TERRAE**



Índice

1	Introdución	3
2	Obxectivos da contratación.....	3
3	Condicións técnicas	3
4	Outras condicións.....	4
5	Prazo de entrega.....	5
6	Financiamento e forma de pago	5
7	Criterios de avaliación.....	5

1 Introducción

A Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) instalará durante 2007 unha nova infraestrutura de supercomputación denominada Finis Terrae. Dita infraestrutura de cálculo está en trámites de ser considerada unha Infraestrutura Científico-Técnica Singular (ICTS) por parte do Ministerio de Educación y Ciencia. Previamente á creación da ICTS Finis Terrae fixose un estudo de necesidades dende o punto de vista científico e técnico a partir das demandas dos usuarios do CESGA, de solicitudes de usuarios externos, das referencias internacionais e do estado do arte da tecnoloxía. Nembargantes, considerase axeitado profundizar nos estudos que permitirán coñecer mellor o impacto da ICTS na sociedade española. En concreto, realizar un estudo completo de impacto socio-económico da súa construción e posta en funcionamento. O presente concurso ten como obxectivo contratar unha asistencia técnica para a realización de dito estudo.

2 Obxectivos da contratación

O obxectivo da contratación é a realización dun estudo de impacto socio-económico da construción e posta en produción do Finis Terrae. Dito estudo deberá:

- Valorar o impacto socio-económico da implantación do Finis Terrae no conxunto da economía galega e española, a curto e medio prazo.
- Identificar e avaliar a incidencia que ten a implantación do Finis Terrae na comunidade científica española, fundamentalmente no contorno empresarial.

3 Condicións técnicas

O estudo de impacto socio-económico deberá:

- Analizar o impacto socio-económico que terá a ICTS debido ao efecto da súa creación e continuidade no tempo en valor engadido xenerado, postos de traballo directos e inducidos, efectos indirectos sobre a sociedade, etc. Tanto a curto prazo como a longo prazo debido aos resultados científicos obtidos coa súa utilización.
- Avaliar a incidencia que ten a implantación do Finis Terrae na comunidade científica española, fundamentalmente no contorno empresarial

O estudo deberá ser entregado en copia en papel e electrónica antes da data de finalización do contrato.

A memoria técnica da proposta deberá conter:

- a) Descrición da metodoloxía e plan de traballo proposto, incluíndo en ambos casos as melloras propostas.
- b) Lista de traballos similares feitos para outras administracións públicas no ámbito das infraestruturas.
- c) Composición do equipo de traballo e breve (non máis dunha folia por persoa) descrición da súa experiencia neste ámbito. Avaliarase positivamente a inclusión dun experto en simulación numérica aplicada á empresa.
- d) Relación de sedes no ámbito xeográfico nacional e galego, indicando o número de traballadores en cada unha.
- e) Descrición da relación da empresa co sector industrial: estudos para empresas industriais, experiencia en simulación numérica da empresa no ámbito industrial e de servizos, etc.

4 Outras condicións

Os contidos de dito estudo serán propiedade exclusiva da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia que poderá facelos públicos da forma que



considere axeitada. A empresa adxudicataria non poderá facer uso do resultado do proxecto sen a autorización expresa por escrito desta entidade.

5 Prazo de entrega

O estudo deberá entregarse na sede da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia antes do 31 de decembro de 2007. Poderá concederse prórroga de acordo á cláusula 7 do Cadro de Características, recollida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

6 Financiamento e forma de pago

O orzamento máximo desta contratación será de 60.000€ (sesenta mil euros) incluíndo todo tipo de taxas e impostos. O pago realizarase en dúas fases: un 30% á firma do contrato e un 70% ao final do contrato. A contratación farase por vía de urxencia e estará suxeita a dispoñibilidade de crédito.

7 Criterios de avaliación

Os criterios para a avaliación do presente concurso son:

Criterio	Puntuación
Prezo	40
Metodoloxía para a medición do impacto socio-ecnomómico.	10
Relacións da empresa co sector industrial	10
Melloras ao estudo	10
Perfil do equipo técnico proposto	20
Análises similares feitos para outras infraestruturas públicas.	10

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2007

